



Á ATENCIÓN DAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO DE SEXTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA DESTE CENTRO.

De acordo co establecido na Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria Do 12 de marzo de 2013 (DOG do 15) pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado nos centros sostidos con fondos públicos, comunícolles o seguinte:

1. Aos efectos da continuidade de estudos do actual alumnado de sexto curso que promocióne á etapa de educación secundaria obrigatoria, este Centro está adscrito ao **IES FERNANDO WITZ**.

2. A circunstancia de estar este Centro adscrito ao citado IES supón que o noso alumnado terá prioridade para a admisión.

3. As familias que no vindeiro curso 2023-24 desexen que os seus fillos/as cursen os estudos no referido instituto deberán presentar no noso Centro, **entre os días 16 de xaneiro e 13 de febreiro**, o modelo de solicitude debidamente cuberto que se xunta a este escrito (anexo I da Orde do 12 de marzo de 2013). O alumnado deberá entregar as solicitudes **asinadas polos dous proxenitores, debidamente cumprimentadas, ao titor/a.**

4. As familias tamén poderán cumprimentar as solicitudes de **RESERVA** a través da **SEDE ELECTRONICA** para o que precisará **A CHAVE 365 ou Certificado Dixital** no documento ED550A (**Reserva de praza, cambio dun centro a outro ao que estea adscrito**).

5. A reserva ten carácter vinculante e será incompatible coa presentación da solicitude noutro centro, salvo renuncia expresa por escrito presentada no centro de adscrición, **antes do inicio do prazo ordinario de presentación de solicitudes de admisión.**

A presentación de solicitude noutro centro dará lugar a perda de prioridade no **IES FERNANDO WITZ**.

6. O alumnado deberá formalizar a matrícula no **IES FERNANDO WITZ** ou noutro elixido entre o 20 ao 30 de xuño.

A Coruña, a 12 de xaneiro de 2023.

A DIRECTORA DO CENTRO,

Shyra Flecha Conde